

# *Política de Sustentabilidade*

*Pavillón Verde: Deporte Sostible no Campus de Pontevedra*



*Xestionando hoxe os recursos  
das vindeiras xeracións*



[vic.pon@uvigo.es](mailto:vic.pon@uvigo.es)  
[campuspontevedra.uvigo.es](http://campuspontevedra.uvigo.es)

Vicerreitoría do Campus  
de Pontevedra

Casa das Campás  
Rúa Don Filiberto, 9-11  
36002 Pontevedra  
España

Tel. 986 802 080  
Fax 986 802 082

UniversidadeVigo



# Política de Sustentabilidade

Pavillón Verde: Deporte Sostible no Campus de Pontevedra



Xestionando hoxe os recursos das vindeiras xeracións

Vicerreitoría do Campus de Pontevedra campuspontevedra.uvigo.es

Universidade de Vigo



## Cálculo da pegada de carbono

Recompilamos os datos referentes aos consumos de auga e enerxía no desenvolvemento das distintas actividades, e traducímolos a emisións de CO<sub>2</sub> equivalentes, co que obtemos o noso *Inventario de emisións*. Durante o curso 2012-13 emitíronse un total de 12,24 T de CO<sub>2</sub>.



## Compensación das emisións de CO<sub>2</sub>

A compensación das emisións de CO<sub>2</sub> realizadas durante o curso, farase mediante unha plantación forestal no Campus de Pontevedra, sendo o obxectivo acadar un *Balance final de emisión neutro*.

## Melloras na xestión dos residuos

Existe unha considerable emisión de residuos asociada á celebración de actividades deportivas.

Unha mellora que se realizará é incrementar a dotación de colectores de separación, así os kg de envases recollidos para a súa reciclaxe poden traducirse nunha redución de kg de CO<sub>2</sub> emitidos á atmosfera.



## Difusión

A transmisión da cultura deportiva sostible é fundamental, para iso a nosa páxina de Facebook convértese nunha ferramenta de primeira orde onde transmitir os valores implícitos a este proceso e onde acadar a participación dos usuarios achegando suxestións, experiencias, etc.

Elaboración: [www.equilaterodsc.com](http://www.equilaterodsc.com)

## Antecedentes

No 1992 o *Comité Olímpico Internacional* participou no *Cumio da Terra*, sendo o inicio do compromiso do deporte co medio ambiente e o desenvolvemento sostible.

A Vicerreitoría do Campus de Pontevedra está a traballar dende o ano 2013 nun *Proceso de implantación de criterios de sustentabilidade en eventos e instalacións deportivas* e no fomento da participación dos seus centros no *Programa Green Campus*.

Tras unha diagnose inicial a través dun proceso de participación pública para coñecer as necesidades existentes, realizase a formulación da *Política de Sustentabilidade*.

## Política de sustentabilidade

A *Política de Sustentabilidade* permite comunicar os logros que se acadarán e as medidas a levar a cabo.

Para definila, analizáronse espazos, consumos e emisións asociadas o uso do pavillón no curso 2012-13. Participaron 11 entidades usuarias das instalacións, os técnicos e persoal directo ou indirecto adscrito ao centro. Frutificou en 18 propostas de actuación en áreas como a sustentabilidade, administración e loxística, a sede, o transporte, o consumo, os residuos, a restauración e o material de difusión das que se seleccionaron as 5 que definen a Política de Sustentabilidade para este ano 2014.

## Protocolo de implantación da sustentabilidade nos eventos deportivos

O conxunto das posibles accións a implantar nos eventos deportivos (política de compras, difusión, consumos, xestión de residuos etc), materializáronse nun *Protocolo* que se entregará aos usuarios e ao mesmo tempo acompañarase aos mesmos durante a súa implantación.

## Melloras na accesibilidade universal ao pavillón

Realizarase unha *Diagnose sobre accesibilidade* ao pavillón, cara á realización de *Accións de mellora* para o uso e goce das instalacións dos usuarios, independentemente das súas capacidades técnicas, cognitivas ou físicas.



## + Info

Vicerreitoría do Campus de Pontevedra  
Casa das Campás  
Rúa Don Filiberto, 9-11  
36002 Pontevedra  
España

Tel. 986 802 080  
Fax 986 802 082

[vic.pon@uvigo.es](mailto:vic.pon@uvigo.es)  
[campuspontevedra.uvigo.es](http://campuspontevedra.uvigo.es)



Escribe no buscador do Facebook  
Pavillón Verde: Deporte Sostible no Campus de Pontevedra

